

**CONVENIO COLECTIVO**

**DE**

**EL CORREO GALLEGO**

**y**

**O CORREO GALEGO**

**de**

**Editorial Compostela, S.A.**

**2004 - 2005**

## **Capítulo I**

### **Disposicións preliminares**

#### **Sección primeira: Ámbito do convenio**

##### **Artigo 1º.- Ámbito de aplicación.**

Este convenio é de aplicación en todos os centros de traballo de Editorial Compostela, S.A. actualmente existentes e naqueles que durante a vixencia deste convenio puidesen establecerse.

##### **Artigo 2º.- Ámbito funcional e persoal.**

Este convenio é de obrigatoria aplicación a todo o persoal da empresa Editorial Compostela, S.A.

#### **Sección segunda: Vixencia e prórroga**

##### **Artigo 3º.- Vixencia.**

Este convenio colectivo páctase por unha duración de dous anos e entrará en vigor para todos os seus efectos o día 1 de xaneiro de 2004, con independencia da data da súa publicación no DOG, terminando a súa vixencia o 31 de decembro de 2005.

##### **Artigo 4º.- Denuncia e prórroga.**

O convenio poderá ser denunciado por calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses ao seu remate.

No caso de non ser denunciado en tempo e forma, entenderase prorrogado tacitamente por anualidades deica a conclusión da negociación dun novo convenio.

Unha vez producida a denuncia, manterá a súa vixencia o contido íntegro do vixente convenio ata o asinamento dun novo.

#### **Sección terceira: Organización do traballo, peche do xornal e concorrencia**

##### **Artigo 5º.- Organización do traballo.**

Na organización do traballo, que é competencia exclusiva da empresa, teranse en conta os informes da representación legal dos traballadores. Cando non se chegue a un acordo entre as partes, as modificacións pretendidas deberán ser aprobadas pola autoridade laboral.

Terán a consideración de modificacións substanciais do traballo as que afecten as seguintes materias:

- Xornada de traballo.
- Horario.
- Réxime de traballo.
- Sistema de remuneración.
- Sistema de traballo a rendemento.

## **Artigo 6º.- Peche do xornal.**

Tendo en conta que constitúe obxectivo esencial en toda empresa xornalística facerlles chegar aos seus lectores os seus produtos co máximo de información e a unha hora idónea, faise necesario fixar esta meta como punto primordial de referencia para a organización dos seus ciclos de produción.

Consecuentemente, convense que o horario de peche do xornal e comezo da tirada da primeira edición será o fixado pola empresa en cada caso, oído o comité de empresa segundo as necesidades, en atención aos obxectivos expostos. O comezo das restantes edicións levarase a cabo sen outras interrupcións, respecto da fin de tirada da precedente, que as normais orixinadas polo cambio de pranchas da rotativa.

Os xefes e mandos intermedios dos distintos departamentos e seccións coordinarán os traballos dos diferentes grupos ao seu cargo, e establecerán entre si os contactos que consideren necesarios para tal fin, sendo responsábeis dos atrasos indebidos que se orixinen por defecto ou falta da mencionada coordinación, ou por non exercicio das súas competencias ou cometidos específicos.

## **Artigo 7º.- Concorrenca.**

Os métodos de produción e as informacións de todo tipo que afecten o proceso industrial, informativo ou administrativo da empresa, son datos exclusivos desta, que non deben ser citados ou divulgados a terceiros. Xa que logo, sen prexuízo do obrigado cumprimento do que antecede, os empregados non poderán colaborar con outros medios, axencias ou empresas que teñan actividades concorrentes ou competitivas coas propias de Editorial Compostela, S.A., de non mediar autorización escrita desta. Non obstante, respectaranse nas súas mesmas condicións os acordos verbais existentes con anterioridade ao asinamento deste convenio.

## **Capítulo II**

### **Melloras de carácter salarial**

#### **Sección primeira: Do salario base**

##### **Artigo 8º.- Retribucións.**

Os salarios base do persoal afectado por este convenio son os que se refliten na táboa do anexo I.

Páctase expresamente un incremento salarial do 3,00%, para o ano 2004 e do 2,50% para o ano 2005, revisábel en función do disposto no artigo 32 deste convenio.

O incremento resultante repartirase de forma lineal entre todos os traballadores, quedando establecido para o ano 2004 na cantidade de 40,75 euros por traballador a xornada completa e mes, importe que se incrementará no apartado de “Complemento de convenio”.

#### **Sección segunda: Dos complementos persoais**

##### **Artigo 9º.- Complemento de distancia e transporte urbano.**

Este complemento de carácter persoal, do que se benefician todos os traballadores de Editorial Compostela S.A., desaparece neste convenio integrándose o seu importe no apartado “Complemento de convenio”.

#### **Artigo 10º.- Complemento de antigüidade.**

Por este concepto percibiranse aumentos nos haberes por ano de servizo na empresa, excluído o período de aspirantado, aprendizaxe e mozo dos recados, consistentes en dous trienios do 5% e quinquenios sucesivos do 5%, calculado sobre o salario base correspondente a cada categoría. Estes incrementos comezarán a devengarse a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel no que se produza o feito.

#### **Artigo 11º.- Xubilacións anticipadas.**

Os traballadores que de mutuo acordo coa empresa, pactado por escrito, se xubilen antes da idade regulamentaria (65 anos), negociarán con ela calquera tipo de compensación económica que individualmente resulte do pacto entrambas as partes. Este pacto deberá ser recollido por escrito.

#### **Artigo 12º.-Compensación por enfermidade.**

O traballador que estea en situación de baixa por ILT será compensado pola empresa mentres permaneza de baixa, a partir do primeiro día desta, cunha cantidade que, sumada á prestación da Seguridade Social polo devandito concepto, alcance o 100% do seu salario mensual fixo e continuo.

#### **Artigo 13º.-Títulos.**

Os xornalistas percibirán unha asignación mensual de 50,00 € denominada complemento de artigo 48º.

#### **Artigo 14º.- Complemento de libre disposición.**

O soldo base dos subdirectores, redactores-xefe, xefes de sección e redactores que presten servizos en réxime de libre disposición, incrementarase nun 35%, como mínimo, do sinalado na táboa.

### **Sección terceira: Dos complementos de posto de traballo**

#### **Artigo 15º.- Complemento de nocturnidade.**

Considérase traballo nocturno o que se realiza entre as 22 e as 6 horas. O traballo comprendido neste período retribuirase cun incremento do salario base correspondente á xornada completa, equivalente ao 25% del, cando polo menos 4 horas se efectúen en tal período, sendo para os inferiores a esta duración retribuído a prorrata do salario base diario.

#### **Artigo 16º.- Complemento de rúa.**

Os redactores que en cómputo mensual desenvolven polo menos a metade da súa xornada nas tarefas profesionais denominadas de rúa, percibirán por tal concepto un complemento de 40,00 € mensuais, que se rateará na proporción correspondente, para aqueles cunha duración inferior nas devanditas funcións. Este complemento non é computábel para efectos de pagas e horas extraordinarias e non se percibirá en caso de enfermidade, accidente ou xubilación.

#### **Artigo 17º.- Complemento de reparto penoso.**

Todas as persoas pertencentes á sección de reparto recibirán unha cantidade lineal de 30 € mensuais, en concepto de reparto penoso.

### **Artigo 18º.- Complementos.**

Dentro deste punto irán incluídos os distintos incentivos á produción de carácter mensual e variábel que en cada momento se establezan. Este complemento non intervirá para efectos de cómputo de pagas extraordinarias.

### **Artigo 19º.- Horas extraordinarias.**

Dadas as especiais características da produción da industria de prensa, poderán realizarse horas extraordinarias durante o período comprendido entre as 10 da noite e as 6 da mañá.

### **Sección cuarta: Dos complementos de vencemento periódico superior a un mes**

#### **Artigo 20º.- Pagas extraordinarias.**

Os traballadores afectados por este convenio percibirán 4 gratificacións extraordinarias ao ano, nas datas e contías seguintes:

- 15 de marzo: retribuirase de acordo co establecido no artigo 65 da ordenanza laboral do traballo na prensa, salvo os conceptos expresamente excluídos deste complemento.
- 15 de xullo: retribuirase a razón dun salario dunha mensuralidade completa, salvo os conceptos expresamente excluídos deste complemento, segundo o disposto no último punto deste artigo.
- 15 de outubro: o importe será equivalente a unha paga extra normal, co límite máximo de 800 € para o ano 2004. Para aqueles traballadores cunha xornada de traballo inferior á normal, aplicarase a parte proporcional do devandito límite.
- 15 de decembro: retribuirase a razón dun salario dunha mensuralidade completa, salvo os conceptos expresamente excluídos deste complemento.

Para efectos de confección das pagas do 15 de marzo, 15 de xullo e 15 de decembro, só se computarán os seguintes conceptos: salario base, complemento de convenio, antigüidade, nocturnidade, títulos e complemento de libre disposición.

O traballador que ingrese ou cese no transcurso do ano percibirá a parte proporcional que corresponde ao tempo da súa permanencia na empresa en cómputo anual.

### **Capítulo III Melloras sociais**

#### **Artigo 21º.- Premio de permanencia.**

Todos os traballadores percibirán por este concepto unha paga equivalente ao salario dunha mensuralidade, salvo os conceptos expresamente excluídos deste premio. Percibirase ao cumprir os 20, 30, 40 e 50 anos de permanencia ininterrompida na empresa. O importe deste premio calcularase conforme o disposto no último punto do artigo 20º.

#### **Artigo 22º.- Premio de natalidade.**

Estabélcese un premio de natalidade na contía de 200 € por cada fillo, debendo acreditarse tal circunstancia ante a empresa. No suposto de que o pai e a nai do nacido traballasen nesta empresa, ambos terán dereito a este premio.

#### **Artigo 23º.- Premio de nupcialidade.**

Durante a vixencia deste convenio, os traballadores que contraian matrimonio percibirán por este concepto a cantidade de 300 € logo de xustificación documentada.

#### **Artigo 24º.- Premio de xubilación.**

O traballador que estea ao servizo da empresa e se xubile con dereito a prestación económica por tal concepto da Seguridade Social, percibirá en concepto de premio e por unha soa vez, a cantidade equivalente ao salario dunha mensuralidade, salvo os conceptos expresamente excluídos deste premio, que se lle fará efectiva de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **Artigo 25º.- Póliza de seguros.**

A empresa contratará unha póliza de seguro colectivo de accidente para lles garantir un capital para o caso de morte ou invalidez absoluta a cada un dos compoñentes do colectivo asegurado, sempre que pertencen ao cadro de persoal da empresa en activo, e os riscos sexan ou fosen en cada caso aceptados pola compañía de seguros. Esta póliza entrará en vigor aos cinco días da sinatura deste convenio.

Os capitais asegurados son os seguintes:

En caso de morte natural e invalidez absoluta por causa natural: 6.000 €

En caso de morte por accidente e invalidez absoluta por accidente: 12,000 €

Para estes efectos, enténdese por invalidez absoluta a situación física irreversible provocada por causas naturais e accidentes orixinados independentemente da vontade do asegurado, determinante da total ineptitude deste para o mantemento permanente de calquera relación laboral ou actividade profesional.

### **Capítulo IV Outras percepcións**

#### **Artigo 26º.- Axudas de custo e quilometraxe.**

Os traballadores que, dentro do territorio nacional e por necesidades da empresa, teñan que efectuar viaxes ou desprazamentos a localidades distintas a aquelas nas que está situado o seu centro de traballo, percibirán as seguintes cantidades:

- Media axuda de custo: 26,14 €/día.

- Axuda de custo completa: 52,29 €/día (se non se pernoita).

Se se pernoita fóra da casa, a empresa cubrirá os gastos de estadía nun hotel de 3 estrelas, logo de exhibir a correspondente factura.

No suposto de que o traballador, por razóns do seu cometido profesional, deba desprazarse fóra do territorio nacional, as axudas de custo satisfaranse a razón dos gastos que se lle orixinen, de acordo cos criterios establecidos pola empresa, e deberán ser, en calquera caso, xustificadas documentalmente.

Así mesmo, aboarase a quilometraxe a razón de 0,17 €/quilómetro.

### **Capítulo V Xornada, vacacións e rendemento**

### **Artigo 27º.- Xornada anual.**

Estabéllese a xornada laboral anual para os anos de vixencia deste convenio en 1.632 horas de traballo efectivo.

### **Artigo 28º.- Vacacións.**

Todo o persoal ao servizo da empresa desfrutará dun período de vacacións de 31 días naturais.

Dadas as especiais características da empresa, poderase traballar aquelas festividadeas que no correspondente calendario laboral figuren como aboábeis e non recuperábeis, compensándose este traballo mediante 21 días de vacacións ou parte proporcional se non se traballasen todas as festividadeas.

Para efectos de posíbeis reclamacións por parte dos traballadores no que se refire á adxudicación dos respectivos períodos de vacacións, a empresa exporá no taboleiro de anuncios, polo menos cun mes de antelación ao disfrute, as distintas quendas mensuais.

Se durante o disfrute das vacacións o traballador sofre algunha enfermidade ou accidente laboral, estas quedarán interrompidas sempre que medie baixa da Seguridade Social e se xustifique cun prazo, salvo forza maior, de 72 horas, e o traballador afectado poderá continuar as vacacións ata completar o período que lle corresponda a partir da data da alta ou ben de común acordo co empresario, nas datas que fixen ambas as partes.

Por outro lado, os traballadores que disfruten o seu período comprendido entre o 1 e outubro e o 1 de maio, recibirán en compensación unha bolsa de vacacións de 45,00 € dunha soa vez.

### **Artigo 29º.- Permisos e licenzas.**

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- 15 días naturais en caso de matrimonio.
- 4 días naturais en casos de nacemento dun fillo ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Este permiso é máximo, independentemente de que o traballador afectado teña que se desprazar.
- 2 días por traslado de domicilio habitual.
- Polo tempo indispensábel para o cumprimento dun deber inescusábel de carácter público ou persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, aplicarase o que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do 20% das horas laborábeis nun período de tres meses, a empresa poderá pasar o traballador afectado á situación de excedencia regulada no punto 1 do artigo 46 do Estatuto dos Traballadores.

No suposto de que o traballador, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe desta do salario ao que tivese dereito na empresa.

- Para realizar funcións sindicais ou de representación de persoal nos termos establecidos legal e convencionalmente.

### **Artigo 30º.- Cómputo de rendementos.**

O rendimento normal de cada produtor do artigo anterior será o que normalmente e no mesmo tempo realiza outro traballador da mesma sección e igual categoría profesional cando non haxa de comparación propio, pois, de ser coñecido o rendimento normal propio anterior, deberá observarse este.

Os rendementos normais das seccións que se indican non poderán ser inferiores aos que a seguir se expresan:

1. Persoal de fotocomposición: o persoal integrado na empresa con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1984 dará unha produción debidamente corrixida non inferior a 12.000 pulsacións home/hora con orixinal bo. O persoal ingresado con posterioridade á citada data dará unha produción non inferior a 15.000 pulsacións, tamén computada individualmente con orixinal bo.
2. Montadores: corenta minutos por páxina de media.
3. Persoal de fotomecánica: doce minutos por páxina.
4. Correctores: vinte liñas por minuto, con orixinal bo.

No non especificado expresamente neste artigo aplicarase o disposto nos manuais de estilo das respectivas seccións, os cales serán de obrigado cumprimento.

## **Capítulo VI Outras cuestións**

### **Artigo 31º.- Contratos temporais.**

De todos os contratos temporais, sexa cal fose a súa modalidade, a empresa facilitaralle información ao comité, indicando tanto a cantidade dos contratos coma os motivos que a levasen a realizalos.

Se o pedise o traballador, o asinamento do contrato realizarase en presenza do comité de empresa. Facilitaráselles copia deste contrato ao traballador e mais ao comité.

O salario dos traballadores con contrato temporal será o correspondente ao que figura no convenio para a súa categoría profesional.

1. Contratos eventuais por circunstancias da produción.

A teor do disposto no artigo 15 b) do texto refundido do Estatuto dos Traballadores e o Real decreto 2546/1994, do 29 de decembro, (RCL 1995, 226) vixentes, este contrato ten por obxecto atender exixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa.

Formalización do contrato: formalizárase por escrito, consignándose con suficiente precisión e claridade a causa e circunstancia que o motive, rexistrándose no Instituto Nacional de Emprego.

Duración e prórrogas: a duración destes contratos non poderá ser inferior a sete días nin superior a doce meses, dentro dun período de dezaoto meses, contados a partir do momento en que se produzan as causas ou circunstancias que os motivaron.



En caso de que se concerte o contrato por un prazo inferior aos doce meses, poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, sen que a duración do contrato poida exceder do devandito límite máximo. As prórrogas terán unha duración mínima de quince días. A duración máxima do contrato e das súas prórrogas axustarase ao disposto anteriormente, salvo que exista pacto en contrario.

#### **Artigo 32º.- Revisión salarial.**

Non existirá revisión salarial para o ano 2004, quedando pactado, de xeito definitivo, no 3,00%. Se o IPC do ano 2004 é superior ao 2,50%, a suba para o ano 2005 calcularase da seguinte forma:

Escollerase o maior dos tres IPC de referencia no ano 2004 (provincial da Coruña, autonómico de Galiza e estatal do Estado español), redondeándose ao cuarto de punto superior.

#### **Artigo 33º.- Liquidacións.**

Todo traballador poderá solicitar a presenza do comité de empresa co obxecto de recibir o asesoramento que considere oportuno antes de asinar o recibo de liquidación.

#### **Artigo 34º.- Comisión paritaria.**

A comisión paritaria será un órgano de interpretación, arbitraje e vixilancia do cumprimento do convenio colectivo. As súas funcións serán as seguintes:

1. Interpretación xeral do convenio.
2. Coñecemento, arbitraje e resolución dos conflitos, problemas ou cuestións que lle sexan sometidos por ambas as partes en asuntos derivados deste convenio colectivo.
3. Vixilancia do cumprimento do pactado.

As resolucións ou acordos adoptados por unanimidade terán carácter vinculante.

#### **Artigo 35º.- Promoción interna.**

Os traballadores fixos da empresa terán preferencia en igualdade de condicións para cubrir as vacantes ou postos de nova creación. Da existencia das devanditas vacantes darase coñecemento con 15 días de antelación. Para tal efecto crearase un órgano cualificador, que contará coa participación dos representantes do comité de empresa ou persoal que designe.

#### **Artigo 36º.- Dereitos laborais básicos.**

Recoñécese expresamente o dereito dos traballadores de Editorial Compostela S.A. á non discriminación laboral por razóns de sexo, estado civil, raza, condición social, ideas relixiosas ou políticas, afiliación ou non a un sindicato, así como por razón de lingua, discapacidades ou minusvalías físicas, psíquicas ou sensoriais.

#### **Artigo 37º.- Dereitos sindicais.**

Os traballadores afiliados a un sindicato poderán, no ámbito da empresa:

- Constituír seccións sindicais, de conformidade co establecido nos estatutos do sindicato.

- Realizar reunións logo de notificación ao empresario, recadar cotas e distribuír información sindical, sen que por iso se perturbe a actividade normal da empresa.
- Recibir información que lle remita o sindicato.

As seccións sindicais terán os seguintes dereitos:

- Disposición dun taboleiro de anuncios situado nun lugar visíbel de fácil acceso para os traballadores no centro de traballo.
- A 12 horas anuais retribuídas para realizar asembleas.
- As seccións sindicais estarán representadas, para todos os efectos, por un delegado sindical elixido por e entre os seus afiliados.
- A un local adecuado onde poderen realizar os seus labores sindicais.

### **Artigo 38º.- Comité de empresa.**

O comité de empresa estará constituído polos delegados de taller, administración e redacción. Recoñécenselle, sen prexuízo dos contidos na lei, os seguintes dereitos:

1. Recibir información da dirección da empresa e trimestralmente, sobre a evolución xeral do sector económico ao que pertence a empresa, evolución do negocio, situación da produción e evolución do emprego na empresa.
2. Coñecer e ter anualmente á súa disposición:
  - O balance de contas de resultados.
  - As memorias e cantos documentos se lles dean a coñecer aos socios.
3. Logo da xustificación dos gastos, a empresa dotará o comité de empresa dun fondo de 750,00 € ao ano para levar a cabo as funcións que lle son propias.

Cada delegado do comité de empresa terá dereito ás horas mensuais que lle correspondan legalmente para o exercicio dos seus labores sindicais.

### **Artigo 39º.- Protección de datos de carácter persoal.**

Toda persoa vinculada á empresa por relación laboral ou contractual de calquera índole, e que no desenvolvemento das súas funcións interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros pertencentes á empresa, queda obrigada, en cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, a gardar secreto profesional respecto destes, a non os reproducir por ningún medio nin utilizar con fins persoais ou distintos dos que son obxecto do desempeño das súas funcións na empresa. As devanditas obrigas subsistirán mesmo despois de remataren as súas relacións contractuais coa empresa.

### **Cláusula adicional**

En todo o non establecido neste convenio aplicarase o disposto nas leis vixentes en cada momento e, en especial, no Estatuto dos Traballadores.

## ANEXO I

### Táboa de retribucións para o exercicio 2004

<b>Categoría</b>	<b>Salario base (€)</b>	<b>Complemento convenio (€)</b>
<i>Persoal técnico:</i>		
Técnico titulado de grao superior	1.142,00	455,00
Técnico titulado de grao medio	854,00	455,00
Técnico non titulado	713,00	455,00
<i>Persoal de redacción:</i>		
Subdirector	1.142,00	455,00
Redactor xefe	998,00	455,00
Xefe de sección	854,00	455,00
Xefe de área	713,00	455,00
Redactor	596,00	455,00
Documentalista	536,00	455,00
Auxiliar de redacción	475,00	455,00
<i>Persoal administrativo:</i>		
Xefe de sección	713,00	455,00
Xefe de negociado	596,00	455,00
Oficial primeira	475,00	455,00
Oficial segunda	457,00	455,00
Auxiliar de administración	424,00	455,00
<i>Servizos auxiliares:</i>		
Telefonista	424,00	455,00
Conserxe	424,00	455,00
<i>Persoal de talleres:</i>		
Rexente	617,00	455,00
Subrexente	596,00	455,00
Xefe de sección	526,00	455,00
Corrector	493,00	455,00
Oficial primeira	475,00	455,00
Oficial segunda	457,00	455,00
Oficial terceira	436,00	455,00
Peón	406,00	455,00
Aprendiz	389,00	455,00
<i>Distribución e peche:</i>		
Xefe de sección (distribución)	596,00	455,00
Distribuidor	406,00	455,00

Repartidora (media xornada)	238,00	227,50
Xefe de sección (peche)	526,00	455,00
Repartidora-atadora	424,00	455,00
Empaquetador-Manipulador	424,00	455,00

## Táboa de retribucións para o exercicio 2005

<b>Categoría</b>	<b>Salario base (€)</b>	<b>Complemento convenio (€)</b>
<i>Persoal técnico:</i>		
Técnico titulado de grao superior	1.142,00	500,00
Técnico titulado de grao medio	854,00	500,00
Técnico non titulado	713,00	500,00
<i>Persoal de redacción:</i>		
Subdirector	1.142,00	500,00
Redactor xefe	998,00	500,00
Xefe de sección	854,00	500,00
Xefe de área	713,00	500,00
Redactor	596,00	500,00
Documentalista	536,00	500,00
Auxiliar de redacción	475,00	500,00
<i>Persoal administrativo:</i>		
Xefe de sección	713,00	500,00
Xefe de negociado	596,00	500,00
Oficial primeira	475,00	500,00
Oficial segunda	457,00	500,00
Auxiliar de administración	424,00	500,00
<i>Servizos auxiliares:</i>		
Telefonista	424,00	500,00
Conserxe	424,00	500,00
<i>Persoal de talleres:</i>		
Rexente	617,00	500,00
Subrexente	596,00	500,00
Xefe de sección	526,00	500,00
Corrector	493,00	500,00
Oficial primeira	475,00	500,00
Oficial segunda	457,00	500,00
Oficial terceira	436,00	500,00
Peón	406,00	500,00
Aprendiz	389,00	500,00
<i>Distribución e peche:</i>		
Xefe de sección (distribución)	596,00	500,00
Distribuidor	406,00	500,00
Repartidora (media xornada)	238,00	250,00
Xefe de sección (peche)	526,00	500,00

Repartidora-atadora	424,00	500,00
Empaquetador-Manipulador	424,00	500,00

## REVISIÓN DE CONCEPTOS ECONÓMICOS PARA O EXERCICIO 2005

En Santiago de Compostela, a sete de febreiro de dous mil cinco, reunidos na sede social de Editorial Compostela S.A. os compoñentes da mesa negociadora, unha vez aprobado o articulado do convenio colectivo da empresa para os anos 2004 e 2005, e co fin de adecuar as cifras económicas a aplicar no exercicio de 2005, proceden a determinar as variacións de carácter económico que terán vigor neste ano.

1º.- Que os IPC de referencia para a revisión económica son os seguintes:

IPC estatal:	3,20%
IPC autonómico:	3,30%
IPC A Coruña:	3,60%

2º.- De acordo co establecido nos artigos 8 e 32 do devandito convenio para os exercicios 2004 e 2005, tómase como referencia o máis alto dos tres IPC (neste caso, o correspondente á provincia da Coruña), redondeándose ao cuarto inmediato superior, polo que o incremento pactado para o exercicio 2005 será do 3,75%.

3º.- Que as contías económicas para o exercicio 2005 quedan como segue:

Concepto	Exercicio 2004	Exercicio 2005
Complemento convenio (xornada completa)	455,00	500,00
Complemento convenio (media xornada)	227,50	250,00
Paga extra outubro (xornada completa)	800,00	830,00
Paga extra outubro (media xornada)	400,00	415,00
Reparto penoso	30,00	31,25
Complemento de titulación	50,00	52,00
Complemento de rúa	40,00	41,50
Bolsa de vacacións	45,00	46,75
Premio de natalidade	200,00	207,50
Premio de nupcialidade	300,00	311,25

4º.- Así mesmo, acórdase, con efectos do mes seguinte ao asinamento do convenio para os exercicios 2004 e 2005, modificar o concepto de “Reparto penoso”, que pasará a denominarse “Complemento de penosidade” e ampliar a súa aplicación ás seccións de fotomecánica, rotativa e peche.

5º.- Na táboa “Anexo I” detállase a nova situación dos conceptos de “Soldo base” e “Complemento de convenio” que serán de aplicación para cada categoría no exercicio 2005.

**EDITORIAL COMPOSTELA S.A.**  
**ACORDO SOBRE ESTABILIDADE NO EMPREGO**  
**EXERCICIO 2005**

En Santiago de Compostela, a sete de febreiro de dous mil cinco.

Reúñense os compoñentes da mesa negociadora na sede social da empresa, unha vez aprobado o articulado do convenio colectivo de EDITORIAL COMPOSTELA S.A. para os anos 2004-2005, co fin de documentar o acordo verbal acadado relativo ao pacto de estabilidade do cadro de persoal de traballadores fixos, pacto que queda definido como segue:

A parte empresarial, accedendo aos pedimentos formulados pola parte traballadora, adquire o compromiso de manter a estabilidade na cadro de persoal fixo da empresa, non podendo superar os contratos temporais realizados por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, o 30% do cadro de persoal total da empresa en cómputo anual, podendo compensarse uns meses con outros.

Noméase unha comisión de seguimento, que estará formada polo presidente e o secretario do Comité de Empresa, pola parte social, e o xerente da Sociedade, pola parte empresarial, que se reunirán nos meses de maio, setembro e xaneiro co fin de realizaren o correspondente seguimento deste compromiso de estabilidade no emprego.

Os membros da comisión negociadora, unánimemente, dan a súa conformidade e aprobación a este acordo, asinándoo no lugar e data indicados ao inicio desta acta.